



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación social nos servizos sociais

Materia	Educación social nos servizos sociais			
Código	O05G130V01910			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Nieto Castro, María Belén			
Profesorado	Nieto Castro, María Belén Sánchez Roura, María Begoña			
Correo-e	belnietoc@gmail.com			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php			
Descrición xeral	Trátase dunha materia optativa enmarcada no módulo "Ámbitos e axentes da educación social" que procura o achegamento do estudantado aos servizos sociais como ámbito profesional fundamental para os/as educadores/as sociais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Planificación e organización
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D5	Xestión da información

D6	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos

Resultados previstos na materia				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as distintas formas de dar resposta ás necesidades sociais ao longo da historia	A1 A5	B4	C1 C7	D1
Valorar e comprender o obxecto, mecanismos de actuación e modos de provisión dos servizos sociais no ámbito autonómico, así como a estrutura xeral, a organización e os principais servizos e prestacións	A1 A3	B4 B5	C2 C8	D1 D2 D5 D9
Adquirir habilidades, actitudes e aptitudes necesarias para o coñecemento, uso, manexo e análise da lexislación de servizos sociais e da iniciativa privada.	A2 A5	B1 B4 B5	C2 C7 C8	D1 D2 D3 D4 D6 D8
Coñecer as funcións e a especificidade da intervención dos educadores/as sociais nos diferentes programas e dispositivos dos servizos sociais, tanto no nivel comunitario como especializado.	A4 A5	B3 B6	C1 C2 C7 C8	D1 D2 D4 D5 D6 D7 D9
Actuar na resolución das situacións de vulnerabilidade, conflito, crise, carencias ou dificultades.	A2	B2 B3	C2 C7 C8	D1 D2 D6 D7 D8 D9

Contidos	
Tema	
1. Marco Conceptual no que se configuran os servizos sociais: as necesidades sociais e os recursos sociais .	1.1. Concepto e tipoloxía. 1.2. Métodos de detección das necesidades. 1.3. Modos de satisfacer as necesidades. 1.4. Recursos Sociais. Concepto e características.
2. Evolución e situación actual da Acción Social: Concepto e características, etapas históricas da acción Social.	2.1. A Acción Social. 2.2. Etapas históricas da Acción Social. 2.3. A Caridade. 2.4. A Beneficencia. 2.5. A Asistencia Social. 2.6. Benestar Social, 2.7. Política Social e Sistemas de Protección Social.
3. Marco Normativo e niveis organizativos dos servizos sociais.	3.1. Marco Normativo. 3.2. Nivel Organizativo: Obxetivos, características, principios e niveis de atención. 3.3. Servizos comunitarios básicos e específicos. Programas e prestacións. 3.4. Servizos sociais especializados. Programas, servizos e prestacións por sectores de intervención.
4. Funcións e competencias dos/as Educadores/as Sociais nos distintos niveis de atención dos Servizos sociais.	4.1 Funcións e competencias dos/as Educadores/as Sociais nos distintos niveis e sectores de intervención

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	22	44	66
Traballo tutelado	9	22	31
Presentación	3	10	13
Eventos científicos	3	0	3
Estudo de casos	4	12	16
Exame de preguntas obxectivas	2	17	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición

Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un traballo sobre os servizos sociais nun sector de poboación, con especial referencia as funcións e intervención do educador social no mesmo.
Presentación	Exposición por parte do alumnado do traballo realizado e doutras tarefas encomendadas.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos	Análise de casos e situacións vinculadas a intervención dos/as educadores/as sociais nos servizos sociais, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un traballo sobre os servizos sociais nun sector de poboación, con especial referencia as funcións e intervención do educador social no mesmo.
Estudo de casos	Análise de casos e situacións vinculadas a intervención dos/as educadores/as sociais nos servizos sociais, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Presentación	Exposición por parte do alumnado do traballo realizado e doutras tarefas encomendadas.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un traballo sobre os servizos sociais nun sector de poboación, con especial referencia as funcións e intervención do educador social no mesmo.	30	A1 A2 A3 A5	B4 B5 B6	C1 C7	D1 D2 D3 D4 D5 D8
Presentación	Exposición do traballo realizado sobre un servizo social e as funcións e especificidades dó/a educador/a social no mesmo. Outras exposicións	10	A2 A4 A5			D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9
Estudo de casos	Análise de casos e situacións vinculadas a intervención dos/as educadores/as sociais nos servizos sociais.	20	A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C7 C8	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test sobre os contidos teóricos da materia.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B4 B5	C1 C2 C7	D1 D2 D5 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade de Educación e de Traballo Social, campus Ourense. No espazo de []datas de exame[].

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto como aprobadas neste curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE

(PAT).

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

A. Avaliación Continúa.

A avaliación das/os estudantes matriculadas/os na materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.

A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas.

A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido de 15 días dende o inicio das clases.

Como pode observarse a planificación do proceso ensinanza-aprendizaxe concibe como unha avaliación continua e esixe a presenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán ao longo do curso.

A avaliación do estudantado realizarase en según:

1) *Exame dos contidos teóricos.* Exame de 20 preguntas tipo tes ou curtas. Valorándose sobre 10. Terá que superar o 5 para estar aprobado. É dará o 40% da nota final do estudante.

2) *Avaliación das actividades.* Terán que ser presentadas todas aquelas practicas realizadas na aula, relacionadas cos contidos impartidos. Traballo tutelado (30%), estudo de casos (20%) Presentación (10%). Valoraranse sobre 10. Terán que superar o 5 para estar aprobadas.

Para a avaliación da parte práctica da modalidade asistencial, o profesor poderá pedir a defensa individual o grupal de cada una das prácticas do cartafol dossier.

O estudante terá que ter todas as partes aprobadas para superar a materia.

Sendo así, esixiráselle ao estudantado a súa presenza nas actividades durante o curso verificable con listas de asistencia. Sinalar que non chega con asistir á clase, nin que o que se avalía é a asistencia do/a estudante. O avaliable son os resultados do proceso de ensinanza-aprendizaxe reflectidos nos exercicios e actividades ben realizados e a participación activa e pertinente nas clases prácticas.

Quede expresamente claro que a docente non pedirá ao estudante explicación ningunha de por que non acode á clase e, tendo en conta que a asistencia ás clases na Universidade non son obrigatorias. Tampouco aceptará «excusas» ou «desculpas» respecto das ausencias deste.

Se o/a estudante deixa de asistir á clase, sexa cal sexa a circunstancia, terá que optar pola segunda modalidade de avaliación (coa única excepción de enfermidade xustificada con certificado médico ou pasamento dun familiar próximo; situacións das cales se solicitará acreditación).

B. Avaliación Global.

Aqueles estudantes que opten por non asistir ás clases prácticas, ou non poidan, ou pretendendo ser «estudantes asistentes» teñan máis de cinco faltas na parte práctica da materia (grupos medianos e pequeno grupo), terán que demostrar igualmente que os seus compañeiros a adquisición das diferentes competencias da materia.

Realizaranse na datas oficiais de exame para cada oportunidade de avaliación establecida no calendario académico.

Isto farano nunha única proba ou exame final o día da convocatoria oficial. Que constará de dúas partes, unha parte teórica e outra parte practica. Realizando unha a continuación da outra. Os dous exámenes suporán o 100 % da nota final do estudante.

-O exame constará de dúas partes:

1. Exame con preguntas da parte teórica supoñerá o 50 % da nota final. Tendo que sacar como mínimo un un 5 sobre 10, para considerarse aprobado.

2. Exame con preguntas da parte práctica que será realizado despois da primeira parte. Consistirá en vinte preguntas curtas ou tipo test. Terá un tempo determinado, sobre 30mn.

- Cada exame suporá o 50 % da nota final, tendo que sacar como mínimo un un 5 sobre 10, para considerarse aprobado.
- Terán que ter superados os dous exames, con un 5, para poder realizar a media aritmética entre as dúas notas, e poder superar a sinatura se superan o 5 na media aritmética.
- A parte teórica da materia pódese estudar por completo a través da bibliografía básica recomendada.
- En canto á parte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba responder os contidos conceptuais, actitudinais e procedementais desenvolto ao longo do curso e demostre ter adquiridas as competencias específicas da materia. Esta parte pode estudala a través de textos existentes na biblioteca, dos apuntamentos da clase, e realizando os traballos de grupo.

C. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, no serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese cursos académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Casado, D., **Introduccion a los Servicios sociales**, Ed. Popular,

Lei 13/2008, **Servizos Sociais de Galicia**,

Vallés Herrero, J., **Manual del educador social, intervención en servicios sociales.**, Ed. Pirámide,

Bibliografía Complementaria

Bueno Abad, J.R., **Servicios sociales, planificación y organización**, Mestral,

Doyal, Len y Gough, I., **Teoría de las necesidades humanas**, Icara,

Decreto 99/2012 de 16 de marzo, **Servicios sociales comunitarios y su financiamiento**,

Galindo López, E., **La educación social desde la práctica de los servicios sociales**, Walancelen,

Rondón García, L., **Metodología de la educación social. Recorrido por diferentes ámbitos profesionales. Capítulo "**

El educador social en los servicios sociales" pp. 231-251, Dykinson,

Santos Martí, J., **El cuarto pilar.Un nuevo relato para los servicios sociales**, CGTS-Paraninfo,

Recomendacións